



O tempo danos a razón, moitas das reivindicacións presentadas nos últimos anos por CIG-Saúde son agora recollidas no **“Ditame da Comisión Para a Reconstrución Social e Económica”** elaborado pola comisión creada no Parlamento español.

S A U D E

Só falta que estas conclusións sexan aprobadas polo Pleno do Parlamento.

Desde CIG-SAÚDE temos que mostrar a nosa decepción con parte deste documento, xa que incorpora elementos perigosos para a Sanidade Pública e non aceptou incorporar propostas tan importantes como:

- A eliminación da Lei 15/1997, de 25 de abril sobre habilitación de novas fórmulas de xestión do sistema nacional de saúde.
- Tampouco se aceptou falar da xubilación parcial ou anticipada do persoal da sanidade, a pesares que os protocolos recollen ao persoal maior de 60 anos como persoal sensible ao risco.

A pesares disto, imos falar dos temas que si recolle o ditame, e que seguiremos a demandar que se negociación na mesa sectorial do SERGAS:

Algunhas das medidas recollidas no ditame que son materia de negociación na mesa sectorial

Propostas do Ditame	Reivindicacións CIG-SAÚDE desde 2010
Medidas urxentes para acabar coa precariedade laboral.	Negociar unha Orde de vínculos para contratar ao persoal pola causa que orixinou o contrato.
Eliminar a taxa de reposición.	Reivindicación que presentamos ano tras ano desde a súa implantación no ano 2010.
Poñer en marcha un plan de RRHH, cuxo obxectivo sexa a estabilidade laboral.	Negociar na mesa sectorial un Plano de Emprego que permita convocar o 100% das prazas vacantes desde o ano 2010. Ter un sistema identificativo de prazas.
Establecer modelos retributivos que recoñezan a prestación de servizo do persoal da sanidade.	Exiximos a recuperación do acordo retributivo asinado no 2008, suspendido por Feijóo no 2010. Exiximos a retribución do complemento específico recollido na Orde de nóminas para empregadxs da Xunta de Galiza.
Revisar o número de profesionais que configuran os actuais cadros de persoal para adecualos ás necesidades asistenciais.	Negociar na mesa sectorial o ratio de profesionais para adaptalos ás necesidades asistenciais.
Por en marcha plans de formación específicos en atención ao COVID.	Reivindicación presentada en todas as reunións de saúde laboral.
Impulsar políticas de igualdade de xénero e da conciliación da vida persoal e laboral.	Demandamos a adaptación ao SERGAS das medidas de igualdade, tendo en conta a prestación de servizo a quendas durante as 24hs, e os 365 días do ano.
Establecer plans estratéxicos de persoal que permitan reforzar os cadros de persoal en momentos de máxima tensión. COVID.	Reiteradamente, vimos demandando a convocatoria dunha mesa sectorial para negociar un plan de continxencias no SERGAS fronte a COVID.

Agora o que ten que facer o SERGAS é convocar a mesa sectorial para negociar todas estas materias; unha negociación de boa fe e con transparencia.

Para todo isto necesitamos a túa implicación e participación.